



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio  
e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE ALLARIZ PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO (PEPCH)**

#### **1.- Competencia**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

#### **2.- Antecedentes**

O Concello de Allariz, mediante escrito do 28 de maio de 2021, solicitou unha axuda de financiamento para o documento de revisión do seu Plan especial de protección do casco histórico (PEPCH).

A solicitude fundaméntase na situación derivada da aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, cuxa disposición transitoria quinta (na redacción dada polo artigo 41 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) dispón que os concellos que no momento da súa entrada en vigor contasen cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo do mesmo exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior seguirán exercéndoas ata o 31 de decembro de 2023, prazo durante o cal haberán de proceder á súa adaptación á presente lei, para poder exercer as competencias contempladas no artigo 58.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio  
e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

Nese caso atópase o PEPCH de Allariz, que fora aprobado definitivamente o 9 de maio de 1995.

A partir do vencemento do prazo sinalado, en cumprimento do artigo 58 da Lei 5/2016, o concello deberá someter todas as actuacións no ámbito do plan especial á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, situación que terá como consecuencia previsible unha xestión máis ineficiente e longa de calquera obra de rehabilitación ou mellora do ámbito histórico.

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda financiou ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2010, unha serie de plans especiais de protección e ordenación de zonas históricas. O Concello de Allariz non foi incluído nas axudas por contar nese momento cun plan especial vixente e sen prazo límite de vixencia.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente que lle permita seguir exercendo as competencias sinaladas no artigo 58 da Lei 5/2016.

### **3.- Finalidade**

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Allariz o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de 4 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

### **4.- Obxecto**

O obxecto do Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Allariz para a redacción da Revisión do Plan Especial de Protección Casco Histórico (PEPCH), cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), do que a Xunta asume o compromiso de financiar o 100% do custo de redacción da revisión do PEPCH.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio  
e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

## 5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción da Revisión do Plan Especial de Protección do Casco Histórico (PEPCH) co obxecto de que o concello de Allariz dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

